



## ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONSELLO ESCOLAR MUNICIPAL DO DÍA 25/01/2021

**Forma:** telemática

**Horario de comezo:** 18.00 h

**Data:** 25/01/2021

**Horario de remate:** 19.34 h

**Membros do Concello:** Presidente, Secretaria e Conselleiros do Consello Escolar Municipal.

### ASISTENTES

- **PRESIDENTE:** Jesús Javier Celemín Santos. Concelleiro de Educación, Cultura e Memoria Histórica-
- **SECRETARIA:** Sagrario Ron López. Xefa de Servizo de Educación
  
- **10 Membros nomeados pola Corporación Municipal (6)**
  - Antonio Leonardo Pastor (presidente Asoc. Provincial de centros públicos A Coruña)
  - Alfonso García Sanmartín ( Pte. da Confederación Española de Centros de Enseñanza (CECE Galicia)
  - M<sup>a</sup> Luisa Varela Insua (Presidenta da Fed. AAVV da Coruña e Área Metropolitana)
  - Celestino Pérez Recarey (experto. Ex director CEFOR)
  - Javier Rouco Ferreiro (Nova Escola Galega)
  - Héctor Pose Porto (Profesor universitario)
  
- **6 Representantes de nais/pais de alumnos/as, propostos polas Federacións de ANPAs (6)**
  - Dolores Blanco Sanguñedo (presidenta Fed. ANPAS)
  - M<sup>a</sup> José Otero Vaamonde (centros públicos) secretaria da Xunta directiva
  - Silvia Seoane Sánchez (centros públicos) vogal da Xunta directiva
  - Ana Isabel Sanclaudio Luhía (centros públicos) vogal da Xunta directiva
  - Ignacio Louro Ojea (centros privados- concertados) presidente da FAPA
  - Fernando Torrado Rivas (centros privados- concertados) vicepresidente da FAPA-
  
- **10 Profesores/as de niveis educativos de ensino non universitario: 6 do sector público e 4 do sector privado(7)**
  - M<sup>a</sup> Carmen Iglesias Iglesias (CIG)
  - Felix Longueira Fafián (CIG)
  - M<sup>a</sup> José Couso Pita (CCOO)
  - José Rubén Barrán Ferreiro (CCOO)



- Marta Dominguez Tenreiro (CCOO)
- Jaime Mañá Castro (FSIE)
- Azucena Rodriguez Amoroso (FeSP-UGT)

## AUSENTES

Rubén Ponte Justo (representante da administración educativa).

Susana Aldao Linares (directora da Escola Oficial de Idiomas da Coruña)

Alejandra Fuentes Vieites (directora da Escola Infantil Arela)

Luis Villaverde López (catedrático de ensino secundario)

Patricia Varela Fernández (presidenta da AS-PG)

M<sup>a</sup> Dores Fernández López (representante pola CIG)

Roberto Iglesias Castro (representantes FSIE)

Rocío C. López Cazorla (representante ANPE).

## ORDE DO DÍA

1. Aprobación da acta da última reunión
2. Actuacións en relación cas escolas infantís municipais ao longo do 2020
3. Actuacións derivadas do COVID-19 no eixo da educación
4. Programación educativa curso 2020-2021
5. Mantemento e obras nos centros educativos
6. Regulamento de organización e funcionamento do CEM do Concello da Coruña
7. Rolda de intervencións

## DELIBERACIÓNS

### 1. Aprobación da acta da última reunión

Apróbase a acta da sesión anterior, de carácter ordinario, correspondente ao 17/12/2019.

### 2. Actuacións en relación cas escolas infantís municipais ao longo do 2020

Infórmaselles aos membros do Consello sobre a últimas actuacións do concello relacionadas cas escolas infantís no exercicio 2020 como son: a aprobación do Regulamento polo que se establece a gratuidade das escolas infantís, a relación das obras que se levaron a cabo e o cambio na xestión da selección do alumnado que pasou a centralizarse no Servizo de Educación (anteriormente víñase facendo en cada unha das escolas).



A representante de UGT, Azucena Rodríguez, interesase pola situación do edificio da Escola Infantil Monte Alto. Respóndeselle que está aprobado o proxecto para rehabilitación da cuberta que se comezará en canto o tempo o permita de acordo ca dirección da escola.

### **3. Actuacións derivadas do COVID-19 no eixo da educación**

O concelleiro de Educación relaciona as medidas levadas a cabo para adaptación dos centros escolares ao cumprimento do protocolo COVID aprobado polas consellerías de Educación e Sanidade.

Salienta as medidas adoptadas polo concello, destacando: a posta a disposición dunha empresa de mudanzas para adaptación das aulas, o reforzo de máis de 11.000 horas de reforzo de limpeza para o curso escolar 2020-2021, o reforzo do servizo de apoio a celaduría, o reparto de mascarillas, xeles hidroxénicos e botellas de aluminio para a auga e as medidas levadas a cabo con mobilidade e seguridade cidadá para a regulación das entradas e saídas dos colexios.

Piden a palabra Isabel Varela e Felix Longueira para manifestar o seu interese polos accesos ao colexio Sal Lence. O concelleiro expón as medidas levadas a cabo neste centro e que se está valorando a solución da rúa Boavista que presenta unha problemática específica.

### **4. Programación educativa curso 2020-2021**

O concelleiro e a xefa do Departamento de Educación salientan a necesidade de reprogramación por mor da pandemia e relacionan a que se levaron a cabo, tanto por parte da Federación, a través do convenio nominativo, como por parte do servizo.

Intervén M<sup>a</sup> Carmen Iglesias demandando as actuacións do concello con respecto a actividade de “hortos escolares”. Contéstaselle que estamos a colaborar co Servizo de Emprego para determinar a posibilidade de ampliación dos hortos a outros centros escolares.

### **5. Mantemento e obras nos centros educativos**

O concelleiro relaciona as obras realizadas durante o exercicio 2020 e as programadas para o exercicio 2021, salientado que o orzamento de Educación foi executado nunha porcentaxe do 96%.

Tómase nota da intervención dos membros do cosello seguintes: Celestino Pérez en relación co tellado do Sal Lence, do que se lle dará traslado a xefatura territorial; Flix Longueira, en canto a mellora da sinalización no Otero Pedraio e Rubén Barrán en canto a iluminación do San Pedro de Visma.



## 6. Regulamento de organización e funcionamento do CEM do Concello da Coruña

Sen entrar a debater o contido do borrador presentado polo concello e enviado aos membros do consello en febreiro do 2020, lémbrese que se trata dun documento de traballo sobre o que facer suxestións para seguir avanzando.

Fanse algunhas aportacións sucintas por parte de Héctor Pose, Ignacio Louro, Dolores Blanco e Celestino Pérez, e acórdase deixalo sobre a mesa para seguir a traballar sobre o mesmo.

## 7. Rolda de intervencións

O representante de da FAPA, Fernando Torrado, pregunta por que non foi invitado a FAPA para participar no Foro: A educación en tempos de pandemia, que tivo lugar en decembro no centro Ágora.

O concelleiro de Educación salienta que se tratou dun foro aberto, onde calquera podía participar, sen que fora necesario estar na palestra para intervir no debate. Asemade engade que se terá en conta a súa apreciación para a participación en futuros foros educativos.

### ACORDOS:

1. Apróbase a acta da sesión anterior, de carácter ordinaria, correspondente ao 17/12/2020.
2. Acórdase deixar sobre a mesa o borrador de Regulamento de cara a estudialo polo miúdo e presentar suxestións por parte dos membros deste consello, antes de sometelo a aprobación deste órgano colexiado.

Sen máis asuntos que tratar, o presidente remata a sesión e eu redacto esta acta como secretaria.

A secretaria,

Visto e prace  
O presidente

Sagrario Ron López

Jesus Celemín Santos